

## **COMISIÓN INSTITUCIONAL DE MEDIACIÓN ARBITRAXE E CONCILIACIÓN (CIMAC)**

### **RÉXIME DE FUNCIONAMENTO:**

A CIMAC elixirá para cada caso a persoa instrutora do expediente.

A coordinación da CIMAC será asumida pola Xerencia en primeiro termo, establécese a seguinte prelación: Vicerreitoría de PDI en segundo termo e Vicerreitoría de Investigación en terceiro; a secretaría será asumida polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SºPRL) con voz e sen voto. A CIMAC disporá dun rexistro de documentación propio que radicará nas dependencias do SºPRL.

Nas súas actuacións, a CIMAC poderá estar asistida por persoal técnico experto na materia obxecto de análise.

As persoas que integren a comisión, terán a obriga de sigilo respecto da información á que tiveran acceso pola súa condición de membro ou experto/a, nos termos que fai referencia a Lei de prevención de riscos laborais no seu artigo 37. Esta obriga seguirá existindo aínda despois de perder tal condición.

Serán de aplicación aos membros da dita comisión as normas relativas á abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da lei 20/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, igual criterio debe aplicarse na selección de expertos asesores.

A secretaría da CIMAC convocará as súas reunións, por orde do/a coordinador/a, nun prazo máximo de dous días dende a recepción no rexistro da solicitude de actuación por violencia física ou psicolóxica no traballo, as reunións realizaranse no prazo máximo de tres días dende a convocatoria.

Considérase legalmente constituída a sesión da CIMAC cando asistan dous membros da parte institucional e dous membros dos representantes das persoas traballadoras, xunto coa secretaría.

Os acordos rexistraranse por medio de actas, a adoptaranse por maioría dos membros da CIMAC, con voto de calidade do coordinador; establécese un quórum para a adopción de acordos de tres membros mais o de calidade.

### **Mediación e Conciliación.-**

Para cada caso de mediación e conciliación nomeará unha persoa ou un equipo de mediación e conciliación, que gozará de autonomía para a realización do seu labor.

Os traballos de mediación e conciliación iniciaranse unha vez que as partes implicadas formalicen a súa solicitude por escrito no rexistro da CIMAC. As súas actuacións serán reflectidas nun informe que incluírá a acta de acordos de mediación e conciliación conformada polas partes, este informe será remitido á coordinación da CIMAC para a súa constancia e control da implementación.